

CALENDARIO COMPETENCIAL 2024-2025





A Rapa das Bestas de Sabucedo. Concello da Estrada

Setembro 2024

NOTAS

POEMA

Luísa Villalta

Estudo das sombras (2002)

III

(...)

A través deste bosque o sonido da vida tende un xogo de luces.
A esquerda e dereita desencóntranse os brazos da multitude,
que son só cabelos prendidos a esa hidra sen nome.
Unha serpe segmenta un lugar que se move
e eu sigo por ela (...)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1 Fotocopiar un mapa da provincia de Pontevedra para ir situando localidades, castelos, faros... ao longo dos meses
2 Deseñar a planificación mensual de menús saudables	3 SA Clasificar os alimentos pola súa tipoloxía (lácteos, froitas, verduras, bebidas etc.) e crear un informe oral sobre os alimentos non saudables	4 SA Identificar e recoñecer as características das plantas da contorna e tratar de clasificalas con criterios científicos para crear un documental, vídeo ou póster...	5 SA Investigar sobre o patrimonio natural e cultural da zona e recopilar os datos a través de ferramentas dixitais	6 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar	7 Tempo de ler en familia: cada membro escolle un conto, un libro, unha revista ou un xornal. Club de lectura	8 Localizar información sobre a Rapa das Bestas de Sabucedo e situar o lugar nun mapa
9 Crear un álbum con fotos da familia onde quede reflectido o paso do tempo	10 SA Crear un informe oral sobre obxectos e substancias perigosas da contorna	11 SA Crear un <i>podcast</i> ou cuña publicitaria argumentativa sobre alimentación	12 SA Deseñar un informe coa información recollida	13 Analizar e valorar as facturas do teléfono, da luz, do gas... e buscar estratexias para reducir o seu consumo	14 Cine en familia. Club de lectura	15 Fotografar pontes da localidade e crear un <i>podcast</i> ou cuña
16 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras	17 SA Crear un informe oral ou gráfico con accións que promovan a convivencia positiva	18 SA Crear un <i>podcast</i> ou un texto oral ou escrito sobre patrimonio inmaterial	19 SA Crear un mapa da zona con recursos naturais, culturais e sociais	20 Buscar información sobre o que é unha horta solar e localizar algunha pola zona	21 Cociñar en familia e posterior gravación da receita	22 Limpar e ordenar o cuarto
23 Participar en xogos de mesa (Uno, Dos, Laberinto Mágico)	24 SA Crear un informe metereolóxico do que vai de mes	25 SA Indagar, reflexionar, argumentar e crear un informe sobre os beneficios do bo clima familiar e das boas relacións	26 SA Deseñar unha guía turística en formato papel ou dixital cos recursos naturais e culturais da zona	27 Calcular e analizar o uso de carburantes de toda a clase para ir ao colexio e extraer as súas consecuencias	28 Facer unha ruta pola cidade e buscar información sobre patrimonio etnográfico, natural e artístico	29 Deseñar un decálogo consensuado de normas de convivencia no fogar
30 Cear en familia conversando sobre o realizado ao longo do día						



Praia da Lanzada. Concellos do Grove e de Sanxenxo

Outubro 2024

NOTAS

POEMA

Luísa Villalta

Estudo das sombras (2002)

(...) Busco a voz natural, o eco dun canto e a rosa do centro.
O vento pentea este bosque parado en farolas e postes.
A luz artificial non nos deixa pensar que soñamos (...)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1 SA Realizar unha exposición sobre hábitos de vida saudable relacionados coa hixiene e coa alimentación	2 SA Indagar sobre o funcionamento de diferentes aparellos, obxectos ou máquinas que se empreguen no fogar e as precaucións que hai que tomar para usalos	3 SA Investigar sobre a industria téxtil ou alimentaria sostible	4 Deseñar a planificación mensual de menús saudables	5 Tempo de ler: ler un conto en familia (con texto, pictogramas ou imaxes). Club de lectura	6 Localizar información sobre A Lanzada e situala no mapa
7 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar	8 SA Crear un libro de palabras fermosas para amigas, amigos, familiares...	9 SA Indagar sobre a recollida selectiva do lixo e crear un póster-mapa cognitivo explicando como se realiza e as cores empregadas nos recipientes	10 SA Indagar sobre o percorrido das prendas de téxtiles desde a súa orixe ata que chegan ás mans das e dos consumidores	11 Realizar conversas telefónicas en inglés con familiares e amizades	12 Cociñar en familia e posterior gravación da receita	13 Limpar e ordenar o cuarto e o baño
14 Enumerar dez libros escritos por mulleres	15 SA Pescudar en contos as palabras que máis gustan (longas, curtas, nomes de personaxes...) e rexistralas	16 SA Indagar, reflexionar, argumentar e crear un informe sobre os beneficios do bo clima familiar e das boas relacións	17 SA Recompilar e analizar os datos obtidos a través de ferramentas dixitais	18 Conversar xuntos sobre conflitos entre os membros da familia e como se puideron solucionar de forma positiva	19 Cine en familia. Club de lectura	20 Fotografar paisaxes da contorna e publicitalas a través de cuñas ou <i>podcast</i>
21 Realizar un maratón de cálculo mental en familia	22 SA Crear un álbum de fotos de familiares, compañeiras, compañeiros, profesorado...	23 SA Buscar personaxes infantís femininos en libros identificando o seu rol na historia e crear un proxecto audiovisual	24 SA Crear un decálogo de consumo sostible e entrevistar responsables de empresas e persoas que teñan no seu fogar paneis solares e publicitar a entrevista nas redes sociais	25 Apagar os electrodomésticos e aparellos que estean en modo espera e facer unha estimación de aforro Calcular o gasto enerxético que supón ir no coche ao coleio	26 Entrevistar persoas relacionadas co mundo sanitario e realizar despois un texto informativo	27 Indagar sobre pintoras e pintores, escultoras e escultores, actrices e actores...
28 Escoller dous anuncios de televisión e comentalos na cea analizando a súa utilidade	29 SA Crear textos orais e escritos para convidar ao magosto	30 SA Crear unha cuña publicitaria expositiva para convidar a cidadanía a unha festa de Samaín ou a un magosto familiar destacando a importancia da festa nun informe oral, gráfico ou escrito	31 SA Divulgar o informe final sobre sostibilidade a través das redes sociais, medios de comunicación e web do centro			



Cabo Silleiro. Concello de Baiona

Novembro 2024

NOTAS

POEMA

Luísa Villalta

Estudo das sombras (2002)

(...)

Os meu pasos mentais van coallando en espellos:
véxoo vir cara a min entanto a min se me escapan.
O horizonte volveuse circular
e as miñas vidas posíbeis inventáronme a estatua que estou,
a múltipla sombra sinalando arredor
cara a todos os puntos onde esperan as madrugadas (...)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
				<p>1</p> <p>Entrevistar médicas e médicos para coñecer ámbitos da saúde e rexistrar a entrevista coas informacións máis relevantes</p> <p>Realizar a lista da compra semanal</p>	<p>2</p> <p>Tempo de ler en familia: cada membro da familia escolle un conto, un libro, unha revista ou un xornal. Club de lectura</p>	<p>3</p> <p>Localizar información sobre o faro de Cabo Silleiro, a súa utilidade e a localización no mapa da provincia</p> <p>Deseñar a planificación mensual de menús saudables</p>
<p>4</p> <p>Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar</p>	<p>5</p> <p>SA Crear un informe oral e gráfico sobre as enfermidades</p>	<p>6</p> <p>SA Indagar a partir de entrevistas a persoas que desempeñan distintas profesións relacionadas co mundo agrícola e crear un informe oral, gráfico ou escrito</p>	<p>7</p> <p>SA Investigar e analizar a presenza da violencia contra a muller en distintos contextos e elaborar unha carta ou <i>podcast</i> con propostas para erradicar a violencia de xénero dirixidos a representantes municipais</p>	<p>8</p> <p>Comentar analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XX na túa zona</p>	<p>9</p> <p>Cine en familia. Club de lectura</p>	<p>10</p> <p>Indagar sobre os usos horarios ou o día e a noite</p>
<p>11</p> <p>Fotografar unha paisaxe que represente o mes de novembro e argumentar a elección</p> <p>Conversar sobre os riscos das enerxías non renovables</p>	<p>12</p> <p>SA Crear un conto oral a partir de imaxes de diferentes contos</p>	<p>13</p> <p>SA Explicar o proceso de evaporación ou disolución e crear un informe oral, gráfico ou escrito</p>	<p>14</p> <p>SA Comparar a situación da muller no século XX e no século XXI</p>	<p>15</p> <p>Reflexionar sobre os dereitos e deberes das nenas e nenos de Galicia e redactar un decálogo</p>	<p>16</p> <p>Cociñar en familia e posterior gravación da receita</p>	<p>17</p> <p>Escoitar en familia a música preferida de cada membro</p> <p>Escoitar unha peza musical e resumir o que che transmite nun texto escrito, oral ou poético</p>
<p>18</p> <p>Describir a utilidade de obxectos que hai na escola para que adiviñe a familia</p> <p>Localizar palabras maiúsculas en folletos, revistas, xornais...</p>	<p>19</p> <p>SA Crear unha árbore xenealóxica</p>	<p>20</p> <p>SA Indagar e crear un informe oral, gráfico ou escrito sobre os beneficios dos animais para a vida dos seres humanos e identificar animais da zona</p>	<p>21</p> <p>SA Entrevistar cinco mulleres que acheguen a súa visión sobre a violencia de xénero</p>	<p>22</p> <p>Facer unha creación artística coas follas, noces, castañas, ourizos etc. e compoñer un <i>mandala</i></p>	<p>23</p> <p>Tempo de ler: ler un conto en familia (con texto, pictogramas ou imaxes). Club de lectura</p>	<p>24</p> <p>Crear unha película ou álbum con fotos da familia</p>
<p>25</p> <p>Realizar un vídeo con alimentos da zona, tanto da terra coma dos bosques, ríos e mares</p>	<p>26</p> <p>SA Realizar unha cuña publicitaria sobre a necesidade do trato entre as persoas</p>	<p>27</p> <p>SA Indagar sobre diferentes enfermidades e os beneficios das vacinas e crear un texto informativo na rede ou colgalo en YouTube</p>	<p>28</p> <p>SA Analizar nunha mesa de expertos con autoridades e persoas expertas comportamentos machistas ou estereotipos de xénero no cine, nas cancións, na literatura... e na vida cotiá</p>	<p>29</p> <p>Fotografar as caras dos membros da familia expresando medo, alegría, susto e enfado e realizar unha composición</p>	<p>30</p> <p>Buscar en internet obras de arte dedicadas ás mulleres (pintura, escultura...) e reflexionar sobre o que representan</p>	



Cidade de Pontevedra. Concello de Pontevedra

Decembro 2024

NOTAS

POEMA

Lúisa Villalta

Estudo das sombras (2002)

IV

(...)

E pasa a verdade baixo estrelas cambiantes.
Farase tarde, co frío da tarde e a morte do frío.
Virán equivocadas xeracións procurando un presente
que foi, que será, mais que non se produce,
un presente sen sitio no eterno cincento do chan,
nos eidos sementados de olvido (...)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1 Localizar información sobre Pontevedra e situar a cidade no mapa Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar
2 Deseñar a planificación mensual de menús saudables Localizar un libro na biblioteca municipal durante a semana e lelo durante o mes	3 SA Crear un decálogo sobre a conservación dos ríos, praias, regatos e encoros da zona	4 SA Conversar sobre as causas do éxodo rural ou a emigración e crear un <i>podcast</i> ou texto escrito	5 SA Indagar sobre a influencia do clima na vida das persoas	6 Deseñar e crear un póster (dixital ou non) sobre a visión da familia acerca dos dereitos humanos	7 Tempo de ler en familia: cada membro da familia escolle un conto, un libro, unha revista ou un xornal. Club de lectura	8 Localizar e analizar películas nas carteleiras dos cines da zona e indagar sobre o papel das actrices e actores e realizar unha valoración para animar o público a ver unha película
9 Deseñar cuñas ou <i>podcast</i> para concienciar a cidadanía sobre o consumo responsable de alimentos	10 SA Deseñar un conto con imaxes, debuxos ou ilustracións e gravar un audio coa historia que se pegará na portada cun QR	11 SA Deseñar e elaborar un cartel (dixital ou non) co decálogo de dereitos e deberes para imprimilo e pegar por diferentes lugares do concello no Día Universal da Infancia	12 SA Situar nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial e como inflúen no clima	13 Reflexionar sobre os alimentos que estean no frigorífico lendo as etiquetas e debatendo sobre eles	14 Cine en familia. Club de lectura	15 Identificar carteis publicitarios e analizar as mensaxes
16 Crear descrições sobre os membros da familia	17 SA Crear un informe oral ou gráfico con accións que promovan a saúde	18 SA Conversar sobre a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de mulleres e homes e crear un informe oral ou escrito	19 SA Recompilar e analizar os datos obtidos a través de ferramentas dixitais	20 Felicitarlles as festas de Nadal ás amizades a través do correo postal, do correo electrónico, do WhatsApp e das redes sociais	21 Cociñar en familia e posterior gravación da receita	22 Reflexionar sobre manifestacións pictóricas e escultóricas na zona
23 Investigar sobre as metas mundiais ata o 2030 relacionadas coa auga e crear un <i>dossier</i> , un documento ou un informe oral	24 Fotografar persoas expresando diferentes emocións e realizar unha colaxe	25 Colaborar no xantar familiar	26 Investigar sobre produtos ecolóxicos e realizar unha lista de establecementos da zona que vendan produtos dese tipo	27 Analizar desvíos nos gastos e buscar as fórmulas para mello-ralos	28 Tempo de ler: ler un conto en familia (con texto, pictogramas ou imaxes). Club de lectura	29 Analizar os gastos superfluos durante o mes e buscar solucións
30 Seleccionar unha banda sonora con letra en inglés para usar como música de ambiente durante a cea	31 Crear un cadro con materiais de refugallo (teas, papeis, cartóns...)					



Paseo fluvial do río Pontiñas. Concello de Lalín

Xaneiro 2025

NOTAS

POEMA

Xela Arias

(...)
unha árbore ...
e tiña cereixas e follas penduradas
e dedos de caricias forza
e espaxarse enche-lo espacio do universo
cheíño de estrelas
olliños calados
que coas nubes xogaban ó escondite
(...)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
		1 Diseñar a planificación mensual de menús saudables Enviarlles mensaxes de felicitación de aninovo aos membros da familia e amizades	2 Diseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar	3 Realizar un debate familiar sobre o papel da educación na vida dos seres humanos	4 Tempo de ler en familia: cada membro escolle un conto, un libro, unha revista ou un xornal. Club de lectura	5 Localizar información sobre o río Pontiñas e situalo no mapa
6 Crear un <i>podcast</i> sobre patrimonio cultural ou natural	7 Ver fotos da familia para identificar os seus membros e asociar os nomes e o tipo de parentesco. Realizar unha árbore xenealóxica con fotos	8 SA Crear un <i>podcast</i> sobre alimentación saudable facendo fincapé na sostiabilidade e nos alimentos de proximidade	9 SA Indagar sobre infraestruturas da zona e a necesidade doutras novas a través de enquisas á cidadanía e recoller a información obtida empregando ferramentas dixitais en tres linguas	10 Crear un <i>podcast</i> sobre un libro Localizar nun mapa espazos ou lugares senlleiros da zona e deseñar unha ruta	11 Gravar unha cuña publicitaria ou crear un decálogo para o consumo responsable de auga	12 Crear un decálogo para un consumo responsable
13 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> ou sopas de letras	14 SA Realizar un informe oral sobre o estado de limpeza da contorna	15 SA Crear un decálogo sobre a conservación dos ecosistemas terrestres	16 SA Entrevistar autoridades municipais, locais ou autonómicas sobre necesidades de infraestruturas da contorna	17 Presentación aos medios de comunicación e á comunidade educativa do centro sobre o informe final (a través das redes sociais)	18 Cocíñar en familia e posterior gravación da receita	19 escoitar unha canle de radio durante polo menos 30 minutos
20 Ver fotos da familia para identificar os seus membros e asociar os nomes e o tipo de parentesco. Realizar unha árbore xenealóxica con fotos	21 SA Crear unha cuña publicitaria con desexos de paz	22 SA Indagar e recompilar expresións do patrimonio inmaterial: lendas	23 SA Crear unha infografía sobre as infraestruturas da zona	24 Indagar sobre produtos de limpeza biodegradables e crear un texto oral ou escrito	25 Cine en familia. Club de lectura	26 Diseñar accións para utilizar terras sen cultivar
27 Crear mensaxes de paz en diferentes soportes e formato	28 SA Diseñar un dicionario fotográfico sobre alimentos saudables e crear un informe oral SA Crear mensaxes orais de paz	29 SA Buscar a receita dos <i>pancakes</i> típicos do Reino Unido e escribir os ingredientes en inglés SA Crear mensaxes de paz en diferentes soportes	30 SA Presentación aos medios de comunicación e á comunidade educativa do centro cun informe final (a través das redes sociais)	31 Subir propostas de literatura, cine, música ou desenvolvemento sostible a unha canle de YouTube		



Mosteiro da Armenteira. Concello de Meis

Febreiro 2025

NOTAS

POEMA

Rosalía de Castro

Adiós ríos, adiós fontes
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos,
non sei cándo nos veremos.
¡Adiós, gloria! ¡Adiós, contento!
¡Deixo a casa onde nacín,
deixo a aldea que conoso,
por un mundo que non vin!
(...)

 Educación infantil

 Educación primaria

 Educación secundaria

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
					1 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar	2 Investigar sobre o mosteiro da Armenteira e situalo no mapa
3 Deseñar a planificación mensual de menús saudables e publicitalos a través de diferentes medios	4 SA Crear unha guía sobre espazos con auga a partir de fotografías	5 SA Crear un decálogo sobre a conservación dos ríos, praias, regatos e encoros da zona	6 SA Indagar sobre alimentos saudables	7 Sacarlles fotos a todas as plantas que atopemos para facer un rexistro cos seus nomes	8 Cociñar en familia e posterior gravación da receita Doarlles prendas de vestir en desuso a colectivos desfavorecidos	9 Indagar sobre as diferenzas entre os peixes en cativeiro e peixes salvaxes
10 Crear unha campaña para promover a doazón de alimentos	11 SA Crear unha cuña publicitaria na que se promova a asistencia a unha función teatral ou a participación nunha andaina por unha contorna de auga	12 SA Crear un cadro con materiais de refugallo (teas, papeis, cartóns...)	13 SA Analizar menús en locais de hostelería da túa zona Elaborar e publicar receitas saudables	14 Xogar ás palabras encadeadas en familia con palabras de tres sílabas Indagar sobre tendas que vendan produtos con residuos cero	15 Cine en familia. Club de lectura	16 Identificar cinco accións que realiza a familia para mellorar o medio
17 Elaborar un mural ou cuña publicitaria sobre o quecemento global	18 SA Crear un xogo con imaxes de recantos da localidade para que sexan adiviñados pola familia, polo profesorado, polos amigos e amigos	19 SA Deseñar un conto ou unha historia con imaxes ou ilustracións e gravar un audio coa narración que se pegará na porta da cun código QR	20 SA Realizar un rexistro de almorzos saudables dos membros da comunidade educativa	21 Investigar de onde vén a carne que consumimos e a contaminación xerada ata chegar aos puntos de venda	22 Tempo de ler en familia: cada membro da familia escolle un conto, un libro, unha revista ou un xornal. Club de lectura	23 Conversar sobre o beneficio da enerxía solar
24 Localizar, ler e gravar poemas de Rosalía de Castro que teñan temática de contornas naturais	25 SA Deseñar un dicionario fotográfico sobre alimentos saudables e crear un informe oral	26 SA Crear un <i>podcast</i> sobre patrimonio cultural ou natural	27 SA Recompilar e analizar os datos obtidos a través de ferramentas dixitais e crear unha infografía ou informe oral	28 Facer zume de froitas para os membros da familia e explicarlles o procedemento de elaboración e os valores nutricionais		



Monte Real Club de Yates e porto deportivo. Concello de Baiona

Marzo 2025

NOTAS

POEMA

Luz Pozo Garza

(...)
¿Lémbraсте, meu amigo?
A luz deixaba formas de saudade
e a frescura das pedras
podía modular os ámbitos do río
lámina impresionista na mañá fuxidía ...
(...)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
					1 Deseñar a planificación mensual de menús saudables e tarefas corresponsables que se realizarán no fogar	2 Localizar información sobre o porto deportivo de Baiona e situar a localidade no mapa
3 Planificar a compra semanal sen usar envases ou bolsas desbotables Ler xornais durante a semana e localizar novas do concello	4 SA Entrevistar mulleres da túa familia e recoller a información a través de ferramentas dixitais	5 SA Entrevistar a alcaldesa ou alcalde ou unha concelleira ou concelleiro para preguntarlle as dificultades e éxitos do seu cargo	6 SA Indagar sobre a vida da muller en épocas pasadas e realizar unha comparación coa actual	7 Crear un manifesto para o consumo responsable de auga e colgalo nas redes sociais ou na canle familiar de YouTube	8 Cine en familia. Club de lectura Lecturas compartidas escritas por mulleres	9 Limpar e ordenar o cuarto
10 Facer unha breve descrición sobre as relacións entre os membros da túa familia Indagar e recompilar expresións do patrimonio inmaterial: refráns	11 SA Crear unha cuña publicitaria na que se promova a asistencia a unha función teatral ou a participación nunha andaina por unha contorna de auga	12 SA Indagar sobre a vida de tres mulleres significativas da familia e/ou do contexto	13 SA Entrevistar autoridades locais, municipais ou autonómicas sobre o papel da muller na sociedade actual	14 Investigar sobre as pegadas do pobo romano ou xudeu no patrimonio da provincia e realizar unha liña do tempo	15 Cociñar en familia e posterior gravación da receita Ler poemas escritos por mulleres	16 Reflexionar sobre a utilidade das piscifactorías
17 Buscar información sobre unha temática de interese persoal ou familiar e crear, a continuación, un texto descritivo ou argumentativo	18 SA Inventar un <i>podcast</i> ou cuña publicitaria para recomendar contos	19 SA Crear un <i>podcast</i> expositivo sobre o papel das mulleres na historia no que se aborden as desigualdades	20 SA Investigar sobre os estereotipos de xénero na literatura, na publicidade e na vida cotiá Realizar un informe sobre os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado a través de ferramentas dixitais	21 Indagar sobre as diferentes culturas que hai no teu centro: costumes, alimentación, danzas, música, lingua etc. e crear un vídeo, infografía, cartel...	22 Tempo de ler: ler un conto en familia (con texto, pictogramas ou imaxes). Club de lectura	23 Fotografar diferentes seccións dun mercado ou supermercado
24 Localizar os tipos de enerxía empregados para cociñar Indagar en series de televisión de diferentes épocas ou fenómenos históricos	25 SA Realizar un <i>dossier</i> con prendas de vestir de diferentes cores, formas, estampados, tipos... creando descrições orais, escritas ou multimodais	26 SA Crear un <i>podcast</i> sobre o papel das mulleres na sociedade actual	27 SA Crear unha cuña publicitaria sobre a temática indagada: traballo produtivo e o pleno emprego das mulleres da túa contorna	28 Realizar un gráfico estatístico nunha folla de cálculo sobre os alimentos de peixe e vexetais máis consumidos no fogar Resolver <i>sudokus</i> en liña	29 Subir un <i>podcast</i> de literatura, cine ou música a unha canle de youtube	30 Recoller auga da chuvia para regar as plantas
31 Buscar países con crises alimentarias e localizar alimentos que non existan alí						



Praia de Rodas, illas Cíes. Concello de Vigo

Abril 2025

NOTAS

POEMA

María Mariño Carou

(...)

Son aquela!

Son aquela sempre soia

que paseaba a ribeira

a ver si nela atopaba,

a ver si nela afogaba (...)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1 SA Reflexionar sobre actividades que melloren a saúde e crear un informe	2 SA Localizar a oferta cultural en internet de cinco concellos da túa comarca e crear unha guía cultural	3 SA Indagar sobre o uso responsable da auga e da luz	4 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar	5 Deseñar a planificación mensual de menús saudables e realizar a lista da compra	6 Indagar sobre as illas Cíes e o Parque Nacional das Illas Atlánticas
7 Indagar sobre a trazabilidade da froita ata chegar ao teu fogar	8 SA Pescudar sobre o patrimonio inmaterial das adiviñas e crear un informe	9 SA Crear un informe oral ou gráfico con accións que promovan a saúde	10 SA Entrevistar responsables das compañías eléctricas sobre medidas para reducir o consumo	11 Realizar un recetario, cartel ou infografía sobre pratos típicos do mundo	12 Cociñar en familia e posterior gravación da receita	13 Limpar e ordenar o cuarto e o armario
14 Colaborar na realización dunha guía de turismo sostible	15 Indagar en xornais palabras longas e curtas e realizar un informe	16 Indagar sobre as características dos ecosistemas da contorna recollendo fotografías e datos e realizar unha presentación, titorial, póster, informe...	17 Presentar un informe ante as concelleiras e os concelleiros cos datos obtidos sobre o uso indiscriminado de plásticos e papel	18 Localizar algún monumento da contorna e reflexionar sobre a súa utilidade e o seu estado de conservación	19 Cine en familia. Club de lectura	20 Realizar unha ruta coa familia ou amizades reflexionando e rexistrando ou fotografando tipos de residuos contaminantes
21 Crear un mural, infografía ou cuña sobre diferentes tipos de enerxía e combustibles	22 SA Recompilar libros escritos por mulleres e realizar un informe oral ou escrito ou unha cuña para publicitalo	23 SA Gravar un vídeo sobre a importancia de non consumir azucres engadidos	24 SA Reflexionar a través de fontes documentais sobre o uso indiscriminado de papel e plásticos na vida cotiá e crear un documento formativo a través de ferramentas dixitais	25 Localizar diferentes tipos de enerxía empregada nas cociñas	26 Tempo de ler en familia: cada membro escolle un conto, un libro, unha revista ou un xornal. Club de lectura	27 Fotografar lavadoiros e crear unha cuña ou <i>podcast</i> valorando a súa utilidade pasada, presente e futura
28 Escribir a letra dun <i>rap</i> de diferentes temáticas e grabalo en audio	29 SA Crear un álbum fotográfico de animais da contorna rotulando as imaxes e unha cuña publicitaria en defensa da fauna da zona	30 SA Crear unha árbore xenealóxica da familia da liña materna e paterna coas profesións máis relevantes				



Carballeira de San Xusto. Concello de Cerdedo-Cotobade

Maio 2025

NOTAS

POEMA

Francisca Herrera Garrido

Fror de Romeiro
Que buscas
¿Qué buscas á miña beira,
Se d'amores desenténdeste,
E hastra os meus ollos acesos,
Teus ollíños non s'astreven? (...)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1 SA Buscar información sobre espazos culturais da túa localidade	2 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar	3 Deseñar a planificación mensual de menús saudables e a lista da compra mensual	4 Investigar sobre a Carballeira de San Xusto e realizar un informe oral ou multimodal
5 Planificar a compra semanal priorizando legumes e froita	6 SA Crear unha cuña publicitaria ou informe oral sobre o coidado dos elementos dos parques infantís	7 SA Inventar un <i>rap</i> ou poema para escribilo e gravalo co móbil	8 SA Diseñar un <i>podcast</i> , infografía ou manifesto sobre a persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas	9 Indagar ou realizar un <i>podcast</i> ou cuña sobre a vida ou a obra da persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas	10 Cine en familia. Club de lectura	11 Limpar e ordenar o cuarto, a mesa de estudar e o armario
12 Indagar e crear un informe oral ou escrito sobre xogos populares	13 SA Identificar, memorizar e fotografar sinais de tráfico importantes para as e os peóns e os vehículos e crear un informe oral	14 SA Indagar sobre a persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas e explicarlle á familia o que se aprendeu	15 SA Indagar sobre o uso do galego en diferentes ámbitos, facendo fincapé en que se le e que se escribe o Día das Letras Galegas	16 Indagar sobre a trazabilidade dunha prenda de vestir desde a súa orixe ata a túa casa	17 Cociñar en familia e posterior gravación da receita	18 Fotografar fontes e crear unha cuña ou <i>podcast</i>
19 Realizar unha listaxe de malas prácticas na alimentación	20 SA Buscar contos en galego e lalos para logo realizar unha cuña publicitaria sobre eles	21 SA Conversar en familia sobre a situación do galego, o seu emprego o e as estratexias para o seu uso e crear un manifesto	22 SA Buscar información sobre persoas da contorna relacionadas coa literatura en galego SA Entevistar as e os responsables de bibliotecas escolares ou municipais sobre o número de lectoras e lectores de literatura en galego	23 Deseñar e resolver problemas matemáticos da vida cotiá	24 Tempo de ler: ler un conto en familia (con texto, pictogramas ou imaxes). Club de lectura	25 Fotografar espazos de xogos infantís e reflexionar sobre o seu estado de conservación nun informe oral ou <i>podcast</i>
26 Realizar unha listaxe de malas prácticas na reciclaxe e ofrecer propostas de mellora	27 SA Recoller roupa en desuso dos armarios e rexistrar as prendas para logo doalas a algunha ONG	28 SA Indagar sobre as concas fluviais da península e identificar os ríos que pasan por Galicia e o seu estado e redactar un informe oral ou escrito	29 SA Divulgar o informe final sobre o uso do galego escrito e oral a través das redes sociais, medios de comunicación e da web do centro	30 Realizar unha listaxe de malas prácticas no consumo da luz e ofrecer propostas de mellora	31 Elixir unha zona deteriorada da túa contorna e propoñer ideas de mellora	



Miradoiro do monte Lobeira. Concello de Vilanova de Arousa

Xuño 2025

NOTAS

POEMA

Ana Romaní

E se fago da varanda unha estación
unha tregua no curso das idades
un balcón para o sosego -abaixo o río-
e caen as augas e liman os meus pés
a memoria do illamento
as sombras da meniña

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar Localizar información sobre o monte Lobeira e situalo no mapa
2 Deseñar a planificación mensual de menús saudables e a lista da compra	3 SA Observar e buscar personaxes de contos que sexan nenas ou nenos e realizar un informe oral e gráfico	4 SA Pescudar sobre os seres vivos da zona agrupándoos en animais, plantas e fungos e realizar un tutorial, póster ou mapa mental. Completar coa creación dun texto expositivo sobre a temática	5 SA Buscar ecosistemas diferentes en continentes ou países e analizar similitudes e diferenzas. Recompilar e analizar os datos obtidos a través de ferramentas dixitais	6 Investigar sobre a composición e elaboración do iogurt ou do pan	7 Tempo de ler: ler un conto en familia (con texto, pictogramas ou imaxes)	8 Deseñar unha ruta para celebrar o fin de curso por diferentes espazos da zona e crear un audio para publicitalo
9 Explicar nun <i>podcast</i> aspectos relacionados coa contaminación	10 SA Indagar sobre a recollida selectiva do lixo e crear un informe oral para promover a sostiabilidade	11 SA Crear un póster dixital ou un cartel con recomendacións de coidado do medio e colgalo nas redes sociais	12 SA Crear un decálogo que recolla aspectos para a vida equilibrada dun ecosistema	13 Escoitar unha canle de radio e crear cinco titulares diferentes	14 Cociñar en familia e posterior gravación da receita	15 Fotografar muíños e crear unha cuña ou <i>podcast</i>
16 Colaborar nunha campaña solidaria para recadar fondos ou alimentos	17 SA Investigar diferentes profesións e conversar sobre elas identificando obxectos, ferramentas...	18 SA Deseñar unha campaña publicitaria (vídeo, cuñas, <i>podcasts</i> ...) para atraer habitantes a localidades envellecidas	19 SA Entrevistar técnicas e técnicos e autoridades medioambientais e crear un <i>podcast</i> sobre os recursos naturais da zona	20 Crear un xogo de memoria con vocabulario e imaxes relacionadas co verán en papel ou formato dixital	21 Cine en familia. Club de lectura Indagar sobre a numeración que aparece no etiquetado dos ovos (0, 1, 2, 3) e realizar un debate familiar	22 Limpar e ordenar o cuarto e o armario Crear un decálogo para erradicar a fame
23 Localizar, empregando as TIC, información sobre persoas deportistas	24 Realizar un informe gráfico e descritivo sobre flores da contorna (forma, color, tamaño...)	25 Localizar, empregando as TIC, información sobre mulleres deportistas ou investigadoras da zona e deseñar un informe oral, escrito ou gráfico	26 Indagar sobre ecosistemas da túa localidade, identificar plantas ou animais e realizar descrições orais ou multimodais	27 Localizar, empregando as TIC, información sobre persoas investigadoras	28 Tempo de ler en familia: cada membro escolle un conto, un libro, unha revista ou un xornal. Club de lectura	29 Fotografar espazos relacionados coa cultura e reflexionar sobre a súa importancia nun <i>podcast</i> ou cuña publicitaria
30 Realizar unha proposta de música de diferentes tipos Fotografar palcos de música da zona e describilos						

PROPOSTAS PARA O VERÁN

Xullo 2025

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Agosto 2025

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Comunicar

Xogar

Observar

Consumir responsablemente

Interpretar

Rir

Soñar

Interesarse

Entender

Falar

Crear

Ler

Descubrir

Participar

Querer

Escoitar

Respectar

Promover a saúde

Cociñar

Fotografar

Pintar

Limpar

Expresar

Ser sostibles

Reducir desigualdades

Cantar

Pasear

Apreciar

Ordear

Planificar

...

Gozar



Este calendario competencial do curso 2024-2025 pretende dinamizar aprendizaxes que se realizan en familia e nos centros educativos, ademais de na contorna social, cultural e natural, xa que estas son moito máis significativas e duradeiras.

Este calendario ten a finalidade de facer posible que a educación sexa unha tarefa compartida e comprometida entre as familias e o profesorado como piares fundamentais xunto coa sociedade.

Coas transformacións sociais e educativas actuais urxe dotar as familias e o profesorado de estratexias para desenvolver competencias na contorna social, cultural e familiar.

Deste xeito, todas e todos serán copartícipes activos do proceso educativo.

Por outra parte, o medio social, natural e cultural é o mellor recurso curricular para aprender, para pensar, para pescudar, para cuestionarse...

As competencias promoverán, a través das situacións de aprendizaxe, o paradigma educacional de aprender a aprender e aprender facendo.

No calendario aparecen propostas de situacións de aprendizaxe para educación infantil, educación primaria e educación secundaria, sobre educación ambiental e reciclaxe, sobre o consumo responsable de luz e auga, con creación de cuñas ou *podcasts*, con actividades colaborativas corresponsables, saudables, solidarias, ecosociais e sostibles.

O noso desexo é que este calendario favoreza o desenvolvemento físico, afectivo, creativo, social e intelectual de fillas e fillos, alumnas e alumnos, de docentes e demais integrantes da familia dun xeito divertido e comprometido, xa que ofrece oportunidades para mellorar a linguaxe verbal oral e escrita, a comprensión e a comunicación, a atención, a memoria, a iniciativa, o emprendemento, a autonomía, a escoita activa, o pensamento reflexivo e deliberativo, a posibilidade de resolver situacións, de falar máis e mellor, de compartir etc., sen esquecermos o desenvolvemento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030, así como a competencia en comunicación lingüística (CCL), a competencia plurilingüe (CP), a competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (CSTEM), a competencia dixital (CD), a competencia persoal, social e de aprender a aprender (CP-SAA), a competencia cidadá (CD), a competencia emprendedora (CE) ou a competencia en conciencia e expresión culturais (CEEC).

Todas e todos deben facilitar ferramentas, estratexias ou actuacións para poder implicarse e compartir esa educación.

Idea e deseño: T. Domínguez e B. Sousa

Deseño de actividades competenciais e situacións de aprendizaxe: T. Domínguez e B. Sousa



Deputación
Pontevedra

Tendemos
pontes

www.depo.gal

